

University Educators for Sustainable Development (UE4SD) – press release

Afrontando o Futuro da Educación Superior para un Mundo Mellor

Unha nova iniciativa planea cambiar a forma de ensino e aprendizaxe que se dá nas universidades para equipar os estudantes coas ferramentas necesarias para contrarrestar as crecentes desigualdades sociais, económicas e ambientais.

University Educators for Sustainable Development (UE4SD) é un proxecto que une a 55 socios (principalmente universidades) de 33 países de toda Europa para repensar o currículo da educación superior cara ao desenvolvemento sostible. Este proxecto, de tres anos de duración e financiado pola Comisión Europea por medio do Programa Lifelong Learning-Erasmus Academic Networks, céntrase na Educación para o Desenvolvemento Sostible e conducirá á mellora a de calidade da Educación Superior en xeral. UE4SD busca innovar no currículo e a práctica académica creando oportunidades para os educadores universitarios de desenvolver as súas competencias profesionais e as súas capacidades académicas de liderado relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento Sostible. Doutra forma, o proxecto fomentará que os colegas docentes sexan capaces de preparar os estudantes, independentemente do curso ou especialización que sexan, para entender e desenvolver as súas responsabilidades profesionais e globais en sostibilidade. Finalmente, o proxecto persegue contribuír á reorientación da educación superior para que afronte mellor e sexa capaz de dar soporte á construción dun futuro e un mundo mellor.

O enfoque do proxecto é innovador dado que pouco se coñece sobre como se desenvolven e fomentan as competencias en Educación para o Desenvolvemento Sostible dos educadores universitarios. Con vistas a superar esta barreira, os socios do proxecto realizarán un estudo para inventariar e analizar as oportunidades de desenvolvemento profesional en Educación para o Desenvolvemento Sostible a nivel de cada país e rexión. A recollida sistemática de información supoñerá catro informes, un para cada unha das subrexións europeas en que se dividiu o proxecto, e un informe de estado da arte para o global dos 33 países socios. Identificaranse boas prácticas, que formarán a base para unha publicación e unha plataforma online de recursos. Estes produtos do proxecto sustentarán a Academia de Educación para o Desenvolvemento Sostible na Educación Superior, coa que tratará de dar soporte ás universidades para implementar programas de cambio na área do desenvolvemento profesional en Educación para o Desenvolvemento Sostible dos seus educadores.

As actividades de UE4SD encóntranse estreitamente relacionadas coa COPERNICUS Alliance, a rede europea de universidades para o desenvolvemento sostible, e o "Rio+20 Treaty on Higher Education" que foi lanzado na Conferencia da ONU en Desenvolvemento Sostible de Río de Janeiro de xuño de 2012. O proxecto está liderado pola Universidade of Gloucestershire (Reino Unido) que traballa estreitamente con tres socios principais a Universidade Autónoma de Madrid, a Charles University de Praga (República Checa) e a Leuphana University de Lünenburg (Alemaña). A Universidade Autónoma de Madrid é socia de UE4SD e coordinadora da subrexión sur do Proxecto. Compartirá as súas experiencias profesionais co resto de universidades socias, pretendendo dirixir o cambio curricular para a sostibilidade poñendo a énfase nas capacidades en Educación para o Desenvolvemento Sostible

Para máis información:

Enderezo de correo electrónico: ue4sd@glos.ac.uk

Páxina web: <http://www.ue4sd.eu>